



## PALABRAS ENCADEADAS



### Obxectivos

- Favorecer o uso da lingua galega nas actividades lúdicas.
- Relacionar a práctica do deporte co uso do galego.
- Recordar vocabulario relacionado co campo semántico do deporte que se practica.



### Participantes

Rapazada de 9 anos en diante.



### Duración

30 minutos.



### Materiais

Aparello no que van practicar o deporte, lapis e papel.



### Desenvolvemento

Esta actividade pode desenvolverse en calquera deporte no que o movemento se faga por tramos (pedaladas, pasos, padas...)

A dinámica da proposta consiste en que poden avanzar no aparello no que se practique o deporte tanto como sílabas sexan capaces de recadar a partir de palabras relacionadas co campo semántico dese deporte.

Para determinalas dispoñen de un minuto para pensar palabras que poden anotar e despois dividir en sílabas.

O número resultante será a cantidade de pedaladas que poden dar na bicicleta, o número de pasos que poden dar nunha ruta de sendeirismo, o número de tramos que poden subir nun rocódromo...

Gaña a actividade o/a rapaz/a que máis avance no tramo que se estableza.

Exemplo para traballar nunha ruta de sendeirismo en bicicleta.

- Lista de palabras: bicicleta, pedalada, roda, guiador, pedal, radio, sela
- Número de sílabas: 18
- Número de pedaladas: 18